

A NECESIDADE DE EDUCAR EN GALEGO

Despois de ter publicado en setembro de 2004 e en abril de 2007 dous números do boletín **NEG-Opina** sobre a situación do idioma, titulados respectivamente *“Educar en galego: O compromiso renovado”* e *“Normalización Lingüística no ensino”*, NOVA ESCOLA GALEGA vese na obriga de facer partícipe a toda a comunidade educativa, en particular, e á opinión pública en xeral, do momento especialmente delicado polo que está pasando o idioma.

Dúas son as razóns principais que provocan a publicación do presente número do **NEG-Opina**. Por unha banda, o próximo cambio de goberno como consecuencia das eleccións do pasado 1 de marzo, co anuncio do seu líder nos medios de comunicación de que unha das súas primeiras medidas no goberno será a de mudar a actual armazón lexislativa a respecto do idioma, deixando particularmente sen validez o Decreto que establece un mínimo do 50% do horario lectivo en lingua galega (Decreto 124/2007).

Pero por outra, ao tempo que se divulgaban teimosamente nos medios os proxectos que para a lingua prepar o novo goberno, viron tamén a luz os últimos datos aínda sen ser, de xeito paradoxal, a institución responsable dos mesmos a encargada de presentalos publicamente- do *“Mapa Socio-lingüístico de Galicia”* que, no seu conxunto, confirman que o idioma de Galicia está pasando un trazo histórico en extremo delicado, que só poderá ser superado se se poñen en marcha medidas decididas que pulen pola súa plena normalización.

O camiño da substitución lingüística


Nos 25 anos que transcorreron desde a súa constitución, a normalización da lingua galega constitúe para NOVA ESCOLA GALEGA un eixo central da súa actividade e da súa preocupación. Así, grazas ás achegas de moitas persoas asociadas e de colaboradores e colaboradoras externos, ofreceu no ano 1988 *“Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego”* (NEG) e

promoveu en 1989, xunto con outras entidades, o documento conxunto *“Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino”*. Estes modelos foron revisados, ampliados e renovados dez anos máis tarde, co *“Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego”* (1999).

Elaborou NOVA ESCOLA GALEGA, así mesmo, numerosos documentos a respecto da normalización da lingua, de xeito singular para o momento que nos ocupa, a




Número de persoas que afirman non usar “nunca” o idioma galego nas grandes cidades
(Fonte: Censos de poboación, 1991 e 2001)






Lingua inicial en Galicia, 2004 (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. I, 2007)



Evolución da lingua inicial en Galicia, 1992-2004
Tramo 16-54 anos (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. I, 2007)



análise e opinión sobre o “Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo”, actualmente en vigor e ameazado, como queda manifestado, de derogación polo próximo presidente do goberno e o seu partido.

Pois ben, diante da publicación dos últimos datos do “Mapa Sociolingüístico de Galicia”, cómpre afirmarmos que, malia ter algunhas diferenzas metodolóxicas a respecto dos seus antecedentes, o que pode inducir unha certa desviación nunha análise comparativa, veñen incidir nunha realidade que calquera pode observar diariamente: o camiño da substitución do galego polo castelán.

Na análise que NOVA ESCOLA GALEGA realizara (**NEG-Opina**, abril 2007) xa se poñían de manifesto datos e indicadores que apuntaban nesa dirección, aínda que algunhas afirmacións xa, se cadra, non se poderían facer hoxe só dous anos máis tarde- cos datos actuais; lembramos e escolmamos algúns parágrafos do

documento citado:

A lingua inicial dos/as galegos/as no 2003 era a galega para o 53,7% da poboación, case nove puntos por debaixo do que era dez anos atrás. O castelán como lingua inicial medra nese período un 3,2%. Aínda así, o galego é a lingua inicial porcentualmente máis alta de Galicia.

A lingua inicial dos/as galegos/as nas cidades é a galega para o 35,3% da poboación. O castelán como lingua inicial dáse no 48,4%.

Se ben no conxunto do país o galego é a lingua inicial con porcentaxe máis alta de Galicia, nas cidades invértese a situación.

O galego como lingua inicial segue descendendo conforme diminúe a idade. Se comparamos estes resultados cos do conxunto de Galicia constatamos que é no ámbito das cidades onde se dá case a mesma porcentaxe media ca no conxunto do país, polo que se pode afirmar que a situación máis desfavorable para o idioma se dá xustamente no medio urbano.

Podemos apreciar como, dos falantes iniciais de galego só continúan sendo monolingües o 30,9%, mentres que o 55,3% declaran falar máis galego e o 13,2% máis castelán.

En sentido contrario, dos falantes iniciais de castelán continúan sendo monolingües o 43,1%, manifestan falar máis castelán o 46,8% e unicamente o 9,1% máis galego.

Unha pequena viaxe polos datos que sobre a escola e a lingua se recollen nos documentos mencionados permítenos chegar á conclusión de que o labor normalizador desta institución non foi nin con moito o decidido que debera para contribuír de xeito eficaz á reversión da tendencia á substitución lingüística. Máis ben, como apuntan algúns autores, nin sequera contribuíu eficazmente á adquisición da competencia na lingua.

Podemos comprobar como en ningún dos niveis de educación infantil ou primaria se chega ao 50% de utilización oral do galego, mesmo sumando o uso só de galego e o das dúas linguas. Pola contra, o uso oral do castelán é moi maioritario.

Cómpre salientar a notable diferenza entre a rede pública e a privada.

A elevadísima presenza do castelán nas escolas urbanas e o aumento progresivo en detrimento do galego dende o punto de vista diacrónico chama a atención sobre a necesidade urxente de actuacións de inmersión lingüística neste ámbito.


En consecuencia, a investigación recollida na obra citada (refírese ao volume I do Mapa Sociolingüístico de Galicia-2004) permite confirmar o proceso de substitución do galego polo castelán nas sete grandes cidades do país.

Pois ben e como dixemos, dous anos despois de seren realizadas estas reflexións, os actuais indicadores sobre a situación lingüística non só non amosan a inversión desta tendencia, senón que afondan nela cunha rapidez insólita.


A situación actual do idioma

Os últimos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* editado recentemente demostran que a situación do idioma galego é, sinxelamente, crítica, pois apenas o 38% da poboación -a terceira parte, coma quen di- declara usalo dun xeito habitual. Isto quere dicir que, na práctica e sobre todo en ambientes urbanos, hoxe por hoxe é posible vivir en Galicia sen ter contacto ningún co galego na vida ordinaria. Quere dicir tamén que as persoas que desenvolven as súas actividades nesta situación corren grave risco de non chegar a acadar o limiar mínimo no dominio do idioma galego ou, doutra maneira, de non chegar a ser bilingües. Non ocorre o mesmo, pola contra, coas persoas galegofalantes pois, segundo demostran os mesmos datos, é imposible vivir en Galicia e non ter contacto co castelán.


É evidentemente falso, á vista da situación actual, afirmar que o castelán corre perigo en Galicia. Tamén o é manifestar de xeito demagóxico que o español está sendo desterrado das aulas galegas. Antes ao contrario, só o 17% das clases de Primaria e o 30% das de Secundaria son dispensadas "practicamente en galego" ou "máis en galego" segundo o *MSG*. Pero non só iso, senón que máis do 80% dos galegos e galegas declaran que usan preferentemente o castelán na escrita, porcentaxe que se eleva ata o 85% se nos referimos á lectura. Á vista destes datos, obtidos obviamente co debido rigor científico, semella evidente que o único idioma que corre perigo en Galicia -e nas súas aulas- é o galego, e convidamos ao lector, á lectora, a que analice por si mesmo/a a pequena selección de datos que se ofrecen de xeito gráfico neste **NEG-Opina**.



Lingua habitual en Galicia, 2004 (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)




Evolución da lingua habitual en Galicia, 1992-2004
Tramo 16-54 anos (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)







Lingua habitual de lectura en Galicia, 2004 (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)



Lingua da escrita en Galicia, 2004 (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)



Evolución da lingua da escrita e da lingua para escribir unha nota, 1992-2004 (%)
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)



O certo é que esta situación vén demostrar, unha vez máis, que a política lingüística -ou a súa ausencia- levada a cabo polo goberno da Xunta durante practicamente tres décadas, non só non obtivo resultados positivos no camiño da normalización, senón que acelerou o proceso de substitución. Cómpre tamén lembrar que a propia Lei de Normalización Lingüística e os decretos que a desenvolveron nas diferentes etapas, non acadaron un mínimo de cumprimento, fundamentalmente por mor da absoluta despreocupación real das sucesivas administracións nese senso.

A política lingüística, antes e agora Dende a publicación e posta en vigor do Decreto 124/2007 por parte do actual goberno en funcións, inserido no desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización Lingüística mencionado, podemos asistir a cando menos dúas actitudes realmente asombrosas: a ausencia total de medidas para a súa aplicación por parte da Consellería de Educación e a aparición pública dun sector anti-normalizador e anti-galego argumentando imposición e necesidade de protección do castelán, con razoamentos falsos e tendenciosos que nunca foron respondidos contundentemente polas forzas do goberno ou da oposición, lembramos unanimemente coautoras da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización Lingüística.

NOVA ESCOLA GALEGA criticou o Decreto por insuficiente, á luz dos indicadores dos que dispoñía, insuficiencia que se manifesta aínda máis acentuada no

momento actual. Porén, defendeu dende aquela a súa posta en práctica polo que significaba de mellora sobre a situación precedente.

As medidas anunciadas polo líder do partido encargado de formar o futuro goberno de Galicia no tocante á derogación deste Decreto para introduciren a libre elección de idioma no sistema educativo e a segregación en razón da lingua, só se poden entender no contexto dun pesadelo para

a lingua e, polo tanto, para o futuro do país -sen galego non hai Galicia-. Supón profundar nunha especie de praga histórica *Un paso adiante i outro atrás, Galiza, i a tea dos teus soños non se move* (X. M^a Díaz Catro, *Penélope*)- e desandar de golpe un camiño apenas iniciado.

A libre elección da lingua de ensino é socioloxicamente inapropiada, pedagoxicamente insostible, legalmente discutible e economicamente irrealizable. Se non acaba provocando que ocorra como sempre sucedeu, que os dereitos do galego foron os que non se tiveron en conta nunca, conducirá necesariamente á segregación, a formación de guetos e, finalmente, a dúas sociedades diferenciadas dentro do mesmo pobo.


Non existe ningún amparo para tales iniciativas, nin legal, nin pedagóxico, nin lingüístico. Está proscriba taxativamente a segregación por calquera razón de sexo, lingua, crenza... Mesmamente a propia Lei de Normalización Lingüística recolle no artigo 13.3: *Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.*

Son actualmente os organismos supranacionais os que, unha vez e outra, veñen recoñecer a situación actual tanto do galego como doutras linguas minoradas da Unión Europea. É o caso, nomeadamente, do Consello de Europa e do propio Parlamento Europeo, que recomendan que se poñan os medios para que tales linguas se poidan desenvolver plenamente e para que os individuos non se vexan privados do seu uso como ferramenta de comunicación.


Pois ben, cando se pode apreciar en todo o mundo unha nova sensibilidade cara ás linguas, anúnciásenos aquí de facto, un novo proceso de substitución do maior símbolo de identidade do noso pobo. Entende NOVA ESCOLA GALEGA que o feito de que o partido encargado de formar novo goberno adopte decisións dese calibre, escoitando só as voces de quen pretenden a desaparición da nosa lingua e -non o esquezamos- da nosa identidade, só pode deberse ou a unha intencionalidade perversa ou á ignorancia sobre a evolución e desaparición das linguas que, coma o galego, están en situación moi desfavorable a respecto doutras. Ou a ambas as cousas xuntas.



Lingua usada oralmente nas aulas no Ensino Infantil e Primario (%)
(Fonte: Informe Consello da Cultura, Vol. II, 2002)



Lingua usada no encerado nas aulas no Ensino Infantil e Primario (%)
(Fonte: Informe Consello da Cultura, Vol. II, 2002)



A necesidade de cordura e de decisións valentes


Rescatamos de novo uns parágrafos das conclusións ás que NOVA ESCOLA GALEGA chegaba no documento do 2007, citado anteriormente, por mor de seren perfecta e lamentablemente válidas aínda na situación actual:

Consideramos que, para dar resposta axeitada á situación actual, analizada dende unha perspectiva global e tomando en conta os indicadores da evolución sociolingüística dos últimos anos, polo menos dende a publicación da Lei de Normalización Lingüística, serían necesarias medidas moito máis avanzadas e decididas non só no eido do ensino- para conseguirmos colectivamente a reversión da tendencia á substitución lingüística en Galicia.

Á vista deses indicadores resulta obvio que os «argumentos» daqueles sectores que aínda falan da non «imposición» do galego e que esgrimen o «perigo» da desaparición do castelán só serven para enganar á opinión pública.

De xeito especial habería que salientar o papel que algúns medios de comunicación veñen desenvolvendo na ocultación da realidade e en serviren de soporte destas posturas, mesmamente para certa acción -ou inacción- política que non asume de xeito normal algo que semella obvio: a necesidade de que o galego, o idioma propio de Galicia, sexa a lingua habitual dos seus habitantes.


En moitos casos, e de boa fe, tamén se dá a postura de que non se debe facer fincapé nos datos negativos sobre a lingua co fin de non transmitir sensacións derrotistas e favorecer a normalización. Porén, consideramos que a sociedade e os seus órganos e entidades representativas só lle poden dar solución axeitada a un problema cando realmente son conscientes da súa dimensión. E o da normalización da lingua galega é na actualidade un problema de dimensións considerables, que precisa facerse explícito e require a adopción de decisións urxentes que mobilicen a sociedade. Sen lingua galega non hai Galicia.



No caso que nos ocupa, cómpre indicar que as disposicións recollidas no Decreto aínda en vigor como se dixo, non tan diferentes das propostas- nunca foron cumpridas de xeito efectivo.

Se esta nova proposta constitúe un avance significativo só poderá saberse se realmente hai unha vontade de cumprimento e control sobre as medidas recollidas. Xustamente o que non existiu nos doce anos que pasaron dende a publicación do Decreto vixente.

Preocúpanos que entre os aspectos xerais considerados no Plan Xeral de Normalización Lingüística da Lingua Galega aprobado no 2004- e a normativa proposta exista un enorme baleiro, sen prazos nin concreción, e para o que non se ofrecen vías de progresión nin garantías de consolidación dos proxectos.




Quere NOVA ESCOLA GALEGA lembrar a unanimidade política que se levaba producindo dende a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) ata tempos recentes, incluída a aprobación tamén unánime do Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004), por parte de todas as forzas políticas do Parlamento de Galicia.

Desde a óptica estritamente educativa cómpre reiterar, para non perder a perspectiva do obxectivo último do sistema educativo no que fai referencia ao dominio das dúas linguas presentes en Galicia, que, coñecidos os últimos datos sobre a saúde do galego, son as persoas galegofalantes as únicas que teñen auténticas opcións de chegar a ser bilingües. Isto non ocorre coas persoas castelanfalantes polas razóns anteditas, pois poden vivir perfectamente, máis alá do ámbito escolar, sen usaren o galego nunca.



Lingua das clases en Primaria e en Secundaria Tramo 15-24 anos, 2004 (%)

(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia-2004, Vol. II, 2008)




Desta constatación, por desgraza absolutamente realista, só pode concluírse que é preciso acrecentar o emprego do galego como lingua vehicular no ensino. Segundo é publicamente coñecido, NOVA ESCOLA GALEGA defende un modelo de normalización para o ensino baseado na plena galeguización do mesmo á altura dos 12 anos de idade dos alumnos e alumnas. Esta concepción, válida nun momento no que a situación do idioma era preocupante xa, pero menos catastrófica, tórnase na actualidade e á vista dos novos



Lingua na escola, 2004 (%)

(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia-2004, Vol. II, 2008)




**Educар en galego:
o compromiso renovado**

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO
 Co gallo do proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



Lingua de redacción das mensaxes electrónicas, 2004 (%)

(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)



datos como a única posible se se pretende lograr precisamente o dominio efectivo dos dous idiomas empregados en Galicia por parte do alumnado.

Desde o punto de vista educativo, igualmente, cómpre reiterar tamén que non é certo que sexa o alumnado castelanfalante o que está vendo coutados os seus dereitos na actualidade. Pola contra, e como queda dito, si está coutado o dereito deste alumnado a unha formación que lle garanta precisamente o dominio real dos dous idiomas presentes en

Galicia. E, pola contra tamén, é o alumnado galegofalante o que, independentemente da necesaria formación lingüística, non ten garantido que a súa vida poida desenvolverse en galego.

Por todas estas razóns, NOVA ESCOLA GALEGA fai un chamamento en defensa da normalización do galego a todos e todas os/as ensinantes, ás comunidades educativas dos centros de ensino e á sociedade en xeral, co fin de impedirmos calquera medida regresiva a respecto da lingua, ao tempo que declara a súa decisión inquebrantable de continuar pulando pola normalización lingüística e cultural, así como por unha aplicación de criterios avanzados na planificación lingüística no ensino, inserida nun modelo de escola pública e democrática.

Abril, 2009

Para consultar ou descargar o *“Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego”* defendido por NOVA ESCOLA GALEGA, e sobre todo para coñecer polo miúdo a análise da situación do idioma e as propostas que nel se realizan canto aos medios necesarios para poñelo en práctica, pode visitarse a páxina web de NEG: www.nova-escola-galega.org (Grupos de traballo/Normalización Lingüística). Tamén pode solicitarse, se se desexa, no correo electrónico (neg@mundo-r.com).

Referencias bibliográficas:

- BOUZADA FERNÁNDEZ, Xan M. (coord). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación*. Santiago, Consello da Cultura Galega / Sección de Lingua, 2002.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega / Seminario de Sociolingüística, 2007.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega / Seminario de Sociolingüística, 2008.
- SILVA VALDIVIA, Bieito (dir). *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na Educación Secundaria Obrigatoria*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 2008.